



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA (ESPAÑA) E A UNIVERSIDADE FEDERAL FLUMINENSE (BRASIL) PARA A DOCENCIA, A INVESTIGACIÓN E MAIS A PROMOCIÓN DA LINGUA, A LITERATURA E A CULTURA GALEGAS.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2016

REUNIDOS:

- , conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que, en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 15/2015, do 9 de febreiro (DOG número 27, do 10 de febreiro), actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo.
- , reitor da Universidade Federal Fluminense, no nome e en representación da Universidade que actúa de conformidade co disposto no decreto do Presidente da República do 17 de novembro de 2014, publicado no *Diário Oficial da União* Núm. 223, do 18 de novembro.

MANIFESTAN:

1. A Xunta de Galicia (en adiante, Xunta), a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en adiante, Consellería), promove o ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas, como rasgo diferenciador e máxima expresión identitaria do pobo galego. A Lei de normalización lingüística establece que *o galego é a lingua propia de Galicia* e que *os poderes públicos de Galicia garantirán o seu uso normal*. Así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade de todos os grupos parlamentarios na sesión plenaria do 21 de setembro de 2004, recolle entre os obxectivos relacionados coa promoción exterior do galego o de *consolidar o ensino e a investigación do galego nas universidades nas que xa existe como materia de estudo e introducilo noutras universidades de interese estratéxico*. Estas razóns acreditan o interese público e social da sinatura deste convenio, coa correspondente axuda que nel se recolle, e a súa singularidade derívase da conxunción do obxecto do mesmo e do ámbito xeográfico ao que se circunscribe.
2. A Universidade Federal Fluminense (en adiante, Universidade) é o centro público de estudos superiores de referencia no seu ámbito territorial, no que é o único que dispón da infraestrutura material e persoal axeitada para levar a cabo accións de

difusión da lingua galega. Esta exclusividade académica fai evidente a imposibilidade de promover a concorrência en convocatoria pública.

3. A Universidade, que declara cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario, previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ratifica o seu interese en continuar coa relación de colaboración que, desde o ano 1994, mantén coa Xunta de Galicia e que posibilitou a incorporación do ensino da lingua, a literatura e a cultura galegas aos plans de estudo da Universidade.

Polo exposto, ambas as entidades acordan asinar un convenio de colaboración que se rexerá polos seguintes

ACORDOS:

Primeiro.- Obxecto do convenio.-

Este convenio ten por obxecto establecer as bases que rexerán a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Universidade Federal Fluminense para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas non só no ámbito académico da Universidade se non tamén na súa área de influencia, de conformidade co establecido no *Acordos segundo e terceiro*.

De conformidade co sinalado no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para a sinatura deste convenio non é posible promover a concorrência pública, xa que a Universidade Federal Fluminense é a referente no estudo do galego no seu ámbito territorial e ademais a sinatura do convenio atópase dentro da “Proposta de criterios obxectivos e planificación dos convenios de colaboración a subscribir pola Secretaría Xeral de Política Lingüística con outras institucións e entidades de base asociativa ou fundacional e con universidades, públicas ou privadas, para realizar actividades de dinamización lingüística no ámbito da promoción e difusión da lingua galega”, elaborado pola Secretaría o 11 de febreiro de 2016.

Segundo.- Compromisos da Universidade.-

- A) Darlle continuidade ao ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas nos plans de estudo do Núcleo de Estudos Galegos do Instituto de Letras.
- B) Organizar actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas, tales como: cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas, exposicións, etc, tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia.

Na cartelería, dípticos, anuncios ou calquera outro elemento con fins publicitarios que se empregue para anunciar actividades financiadas con cargo á subvención prevista neste convenio deberá incluírse o logotipo oficial da Xunta de Galicia, así

como nas publicacións financiadas, en todo ou en parte, con fondos contemplados no dito convenio. Neste último caso, a Universidade deberá remitir á Consellería, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística (en adiante, SXPL), unha decena de exemplares.

- C) Adquirir o material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestructural necesario para realizar as accións recollidas nas alíneas A e B deste *Acordo segundo*.

O/A responsable do Centro de Estudos Galegos incluírá na memoria de actuación recollida no *Acordo quinto*, unha relación debidamente detallada do material non funxible adquirido con cargo á subvención prevista neste convenio.

- D) Presentar, no momento previo á sinatura deste convenio e antes de cada un dos pagamentos previstos, a declaración responsable de estar ao corrente, en España, das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, a que fai referencia o artigo 11º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, así como de non ter débedas pendentes coa Administración pública galega.

Terceiro.- Compromisos da Consellería.-

A Consellería, a través da SXPL, comprométese a colaborar coa Universidade na realización das accións previstas neste convenio coas seguintes actuacións:

- A) Prestaralle a orientación e apoio pedagóxicos e didácticos que demande para levar a cabo as actuacións de docencia recollidas na alínea A do acordo anterior.
- B) Daralle o apoio institucional e o asesoramento técnico que precise para organizar as actividades recollidas na alínea B do acordo anterior.
- C) Realizará campañas de divulgación e difusión en relación coas actividades desenvolvidas pola Universidade en aplicación deste convenio a través da súa páxina web oficial, notas de prensa e calquera outra que estime adecuada á actividade desenvolvida.

Cuarto.- Financiamento.-

A Consellería, a través da SXPL, colaborará na realización das accións previstas nos acordos deste convenio cunha contribución económica máxima de **catro mil euros (4.000,00 €)**, con cargo á partida orzamentaria 10.30.151A.790.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

O libramento deste importe, a favor da Universidade, poderase efectuar nunha soa entrega, logo de presentar a documentación requirida para efectuar o pagamento final, ou aplicando o seguinte procedemento:

- Un anticipo, equivalente ao 50% da cantidade máxima prevista, cando se cumpran os seguintes requisitos:
 - Que o convenio estea asinado e en vigor.
 - Que o/a responsable do Centro de Estudos Galegos lle remita á Consellería, a través da SXPL, unha programación, que conte coa conformidade desta, coas actividades previstas para o ano 2016.

A efectos deste anticipo e en virtude do disposto no artigo 65º.5 do Decreto 11/2009, a Universidade queda exonerada da constitución de garantía.

- Un pagamento final, polo restante 50%, unha vez que a Universidade lle remita á Consellería, a través da SXPL, antes do 31 de decembro, a seguinte documentación:
 - A conta xustificativa a que se refire o *Acordo quinto*.
 - Unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Quinto.- Xustificación da subvención.-

Antes de rematar o ano, o responsable do Centro de Estudos Galegos, ou persoa autorizada, remitiralle á Consellería, a través da SXPL, a conta xustificativa simplificada a que se refire o artigo 51º do Decreto 11/2009, integrada pola seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación sobre as actividades levadas a cabo en cumprimento das accións previstas nos acordos deste convenio. Este documento deberá entregarse en soporte informático e impreso.
- Unha certificación expedida polo/a responsable do Centro de Estudos Galegos ou polo/a titular do órgano que teña atribuídas as facultades de control orzamentario, que acredite a realización das accións previstas neste convenio, así como o investimento da subvención na realización das ditas accións e o pagamento efectivo dos ditos investimentos. Esta certificación, de non estar redactada en galego ou castelán, deberá vir acompañada dunha tradución a unha destas linguas, preferentemente á galega.

A maiores, esta certificación incluírá a seguinte información:

- O importe da subvención previsto neste convenio.
- Se é o caso, o importe e a procedencia dos fondos complementarios a que se refire o *Acordo décimo segundo*.

- Unha relación clasificada dos gastos e investimentos, con identificación do acredor e do documento xustificativo do gasto, o seu importe, a data de emisión e a de pagamento.
- Achegaranse tamén os correspondentes xustificantes dos gastos (facturas, recibos, etc.) e dos pagamentos.

Se, por calquera circunstancia, a Universidade incumpre a obriga de xustificación da subvención ou incorre en calquera dos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esixirase o reintegro das cantidades percibidas e o xuro de mora correspondente. Non obstante, se a cantidade xustificada é inferior á subvención contemplada no convenio, a Consellería, a través da SXPL, procederá a minorar o importe do libramento liquidatorio da subvención concedida, de xeito que, por si só ou, de ser o caso, sumado ao anticipo, se corresponda coa cantidade total xustificada.

Sexto.- Centro de Estudos Galegos.-

Dentro da Universidade, o Centro de Estudos Galegos será o órgano de referencia en todas aquelas actividades que se desenvolvan en aplicación dos acordos deste convenio.

Como responsable do mesmo figurará o profesor doutor quen, dada a súa vinculación coa Universidade, actuará como persoa de enlace entre esta e a Consellería, a través da SXPL. Responsabilizarase de todos aqueles trámites que sexan precisos entre ambas as institucións, velará polo cumprimento dos acordos recollidos neste convenio e deberá poñer en inmediato coñecemento das partes aqueles incumprimentos que, ao seu parecer, se estean a producir.

Se, por calquera causa, fose preciso substituír o responsable do Centro de Estudos Galegos, a Universidade proporalle á Consellería, a través da SXPL, o nomeamento dunha nova persoa á fronte deste, comunicándolle esta a conformidade ou non co devandito nomeamento.

Sétimo.- Control.-

Os servizos técnicos da Consellería, a través da SXPL, seguirán e supervisarán a realización das accións acordadas neste convenio para verificar a súa adecuación á finalidade que determinou a concesión da subvención e, así mesmo, comprobarán a axeitada xustificación da mesma. No caso de apreciaren incumprimentos, poderán formular ao respecto os reparos que consideren oportunos. De non proceder a Universidade a corrixir os defectos sinalados, considerarase que houbo incumprimento do convenio e este poderá ser resolto mediante comunicación escrita e fidedigna á outra parte, nos termos previstos no *Acordo noveno*.

A Consellería, a través da SXPL, reserva para si o dereito de solicitar toda a documentación que considere necesaria en relación coa xustificación do cumprimento deste convenio.

Así mesmo, a Universidade está obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención contida neste convenio e, no seu caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar a modificación do presente convenio.

Oitavo.- Vixencia.-

Este convenio permanecerá vixente durante o período comprendido entre a data da súa sinatura e o 31 de decembro de 2016. En todo caso, os efectos económicos consideraranse desde o 1 de xaneiro de 2016 e non é posible a súa prórroga.

Noveno.- Causas de resolución.-

O convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgún dos acordos que nel se recollen.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as accións acordadas.
- Por mutuo acordo das partes.
- Cando algunha das partes, por causa sobrevida, o considere lesivo para os seus intereses.
- Cando, por causa debidamente xustificada ou de forza maior, as partes, ou algunha delas, se vexan imposibilitadas para continuar o cumprimento do convenio.

En calquera caso, agás no suposto de mutuo acordo das partes, o acordo de resolución do convenio debe vir precedido da súa denuncia por algunha das partes, formulada, polo menos, cun mes de antelación.

De ser resolto o convenio, a Consellería, a través da SXPL, esixirá, de ser o caso, o reintegro total ou parcial, segundo corresponda, das cantidades indebidamente achegadas e máis os correspondentes xuros.

Décimo.- Exoneración de responsabilidade.-

A sinatura deste convenio non implica relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas nel e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade -nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria- polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo primeiro.- Solución de controversias.-

As posibles discrepancias na aplicación e/ou interpretación dos acordos deste convenio resolveranse mediante o diálogo directo entre os/as titulares das partes asinantes ou pola Comisión de Seguimento, constituída por dous representantes da Consellería, nomeados polo/a seu/súa titular, un dos cales actuará como presidente, e dous membros da Universidade, nomeados polo reitor. De non chegar a acordo, será a xurisdición contencioso-administrativa quen resolverá as cuestións litixiosas que xurdan na aplicación deste convenio.

Décimo segundo.- Compatibilidade da subvención.-

A subvención regulada neste convenio é totalmente compatible coa percepción de calquera outra achega económica para a mesma finalidade.

Non obstante, en ningún caso os ingresos, axudas ou subvencións percibidas poderán superar o custo das actividades subvencionadas.

Décimo terceiro.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno.-

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso por parte da Universidade para que a Administración galega inclúa e faga públicos os datos referidos a dito convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo, e 132/2006, do 27 de xullo, polos que se regulan o rexistro de convenios da Xunta de Galicia e os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, respectivamente.

O contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.3 da Lei 15/2014, do 16 de novembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A Universidade deberá dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.2 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Décimo cuarto.- Réxime xurídico aplicable.-

O réxime xurídico aplicable ao presente convenio é o seguinte: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003; Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, de acordo coa modificación introducida pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo e coa

exclusión dos artigos 78 e 79 e disposición adicional cuarta expresamente derogados pola Lei 9/2007; Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares e o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Estando ambas as partes de acordo, asinan seis exemplares deste convenio, tres en idioma galego e tres en idioma portugués, todos eles con idéntica validez, no lugar e data recollidos ao comezo.

**O conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria**

**O reitor da Universidade
Federal Fluminense**